

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO:	IES AS MARIÑAS DE BETANZOS
CURSO:	4º ESO
MATERIA:	CIENCIAS APLICADAS Á ACTIVIDADE PROFESIONAL
DEPARTAMENTO:	FÍSICA E QUÍMICA
DATA:	11/05/2020

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Utilizar correctamente os materiais e os produtos do laboratorio	- Determina o tipo de instrumental de laboratorio necesario según o tipo de traballo que vaia realizar
Cumprir e respectar as normas de seguridade e hixiene no laboratorio	- Recoñece e cumpre as normas de seguridade e hixiene que rixen nos traballos de laboratorio
Contrastar algunhas hipóteses baseándose na experimentación, na compilación de datos e na análise de resultados	- Recolle e relaciona datos obtidos por diversos medios, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, para transferir información de carácter científico
Aplicar as técnicas e o instrumental adecuado para identificar magnitudes	- Determina e identifica medidas de volume, masa ou temperatura, utilizando ensaios de tipo físico ou químico.
Preparar disolucións de diversa índole, utilizando estratexias prácticas	- Decide que tipo de estratexia práctica fai falta aplicar para a preparación dunha disolución concreta.
Separar os compoñentes dunha mestura utilizando as técnicas instrumentais axeitadas	- Establece que tipo de técnicas de separación e purificación de substancias se debe utilizar nalgún caso concreto
Predicir que tipo de biomoléculas están presentes en distintos tipos de alimentos	- Discrimina que tipo de alimentos conteñen diferentes biomoléculas
Determinar que técnicas habituais de desinfección hai que utilizar segundo o uso que se faga do material instrumental	- Describe técnicas e determina o instrumental axeitado para os procesos cotiáns de desinfeccións
Analizar os procedementos instrumentais que se utilizan en diversas industrias como a alimentaria, a agraria, a farmacéutica, a sanitaria e a de imaxe personal e outros sectores da industria	- Relaciona procedementos instrumentais coa súa aplicación no campo industrial ou no de servizos
Precisar en que consiste a contaminación e categorizar e identificar os tipos máis representativos	- Utiliza o concepto de contaminación aplicado a casos concretos
Contrastar en que consisten os efectos ambientais da contaminación atmosférica, tales como a choiva ácida, o efecto invernadoiro, a destrución da capa de ozono e o cambio climático	- Discrimina os tipos de contaminación atmosférica, a súa orixe e os seus efectos - Categoriza, recoñece e distingue os efectos ambientais da contaminación atmosférica máis coñecidos, como a choiva ácida, o efecto invernadoiro, a destrución da capa de ozono e o cambio global a nivel climático, e valora os seus efectos negativos para o equilibrio do planeta.
Precisar os efectos contaminantes que se derivan da actividade industrial e agrícola, especialmente sobre o solo.	- Relaciona os efectos contaminantes da actividade industrial e agrícola sobre o solo.
Identificar os axentes contaminantes da auga, informar sobre o tratamento de depuración desta e recompilar datos de observación e experimentación para detectar contaminantes nela	- Discrimina e identifica os axentes contaminantes da auga, coñece o seu tratamento e diseña algún ensaio sinxelo no laboratorio para a súa detección.

Precisar en que consiste acontaminación nuclear, reflexionar sobre a xestión dos residuos nucleares e valorar criticamente a utilización da enerxía nuclear	- Establece en que consiste a contaminación nuclear, analiza a xestión dos residuos nucleares e argumenta sobre os factores a favor e en contra do uso da enerxía nuclear
Identificar os efectos da radiactividade sobre o medio ambiente e a súa repercusión sobre o futuro da humanidade	- Recoñece e distingue os efectos da contaminación radiactiva sobre o medio ambiente e a vida en xeral.
Precisar e identificar as fases procedimentais que interveñen no tratamento de residuos e investigar sobre a súa recollida selectiva	- Determina os procesos de tratamento de residuos e valora criticamente a súa recollida selectiva
Contrastar argumentos a favor da recollida selectiva de residuos e a súa repercusión a nivel familiar e social	- Argumenta os pros e os contras da recollida, do reciclado e da reutilización de residuos
Analizar e contrastar opinións sobre o concepto de desenvolvemento sostible e as súas repercusións para o equilibrio ambiental	- Identifica e describe o concepto de desenvolvemento sostible, e enumera posibles solucións ó problema da degradación ambiental
Analizar o incidente da I+D+I na mellora da produtividade e no aumento da competitividade no marco globalizador actual	- Relaciona os conceptos de investigación, desenvolvemento e innovación. Contrasta as tres etapas do ciclo I+D+i
Investigar e argumentar acerca dos tipos de innovación en produtos ou en procesos, e valorar criticamente todas as aportacións a eles por parte de organismos estatais ou autonómicos, e de organizacións de diversa índole.	- Recoñece tipos de innovación de produtos baseada na utilización de novos materiais, novas tecnoloxías, etc., que xurden para dar resposta a novas necesidades da sociedade - Enumera os organismos e as administracións que fomentan a I+D+i a nivel estatal e autonómico
Recompilar, analizar e discriminar información sobre tipos de innovación en produtos e procesos, a partir de exemplos de empresas punteiras en innovación	- Precisa, analiza e argumenta como a innovación é ou pode ser un factor de recuperación económica dun país - Enumera algunhas liñas de I+D+i actuais para as industrias químicas, farmacéuticas, alimentarias e enerxéticas
Planear, aplicar e integrar as destrezas e as habilidades propias do traballo científico	- Integra e aplica as destrezas propias dos métodos da ciencia
Elaborar hipóteses e contrastalas a través da experimentación ou a observación e a argumentación	- Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón
Participar, valorar e respectar o traballo individual e o traballo en grupo	- Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none">• Análise das producións do alumnado• Cuestionarios,• Intercambios orais co alumnado, <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none">• Resumos, traballos de aplicación e síntese das diferentes unidades didácticas despois da exposición e aprendizaxe das mesmas.• Caderno de clase.• Resolución de exercicios e problemas que acompañan ó material didáctico empregado.
Cualificación final	<p>Para o alumnado que teña aprobada a dúas primeiras avaliacións, farase medias de ditas avaliacións. Se as tarefas do terceiro trimestre se presentan dentro do prazo establecido, teñen unha boa presentación, e están correctas, a nota media poderá sumar ata dous puntos máis.</p> <p>O alumnado que non superou unha ou as dúas avaliacións ten a posibilidade de recuperar as avaliacións suspensas se, entrega os traballos nos prazos indicados, se a súa presentación é ordenada e clara e os problemas aparecen con todas as indicacións e ben feitos.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Consistirá nunha proba escrita na que se incluírán actividades para avaliar os estándares de aprendizaxe das dúas primeiras avaliacións.</p> <p>Nas probas o alumnado ten que, utilizando o vocabulario e simboloxía adecuada, citar, definir, clasificar, xustificar e realizar exercicios numéricos, problemas ou cuestións que expoñan a aplicación dun coñecemento</p>

Alumnado de materia pendiente	Criterios de avaliación: A avaliación será obxectiva, con procedementos que valoren a dedicación, o esforzo e o rendemento do alumno/a. Valorarase o traballo continuo ó longo de todo o curso.
	Criterios de cualificación: O alumnado superará a materia pendiente de 3º de ESO no caso de que se entreguen os traballos propostos pola profesora consistentes en realizar, por avaliacións, distintas series de exercicios correspondentes á materia de Física e Química de 3º de ESO. Estes traballos deberán estar correctamente feitos e deberán ser entregados dentro do prazo establecido
	Procedementos e instrumentos de avaliación: <ul style="list-style-type: none">• Probas escritas obxectivas• Resolución de exercicios e problemas

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Síguese avanzando na materia, no tema relacionado con I+D+i, tratando de relacionalo coa situación provocada polo Covid-19: traballos monográficos, lectura de textos científicos no que teñen que responder diversas preguntas sobre o texto, preguntas e respostas dos contidos dalgún tema . O alumnado con algunha avaliación pendente, realizará traballos que deberá entregar en tempo e prazo para superar ditas avaliacións.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Todo o alumnado ten conectividade, así que a través, ou ben de Whatsapp, ou ben a través da aplicación Webex, se establecen as tarefas un par de veces á semana. A través do correo electrónico envíanse os traballos feitos polo alumnado
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none">- Os apuntamentos de clase: elaborados pola profesora- O laboratorio: onde se fixeron algunhas prácticas relacionadas con algunhas cuestións da Química- Correo electrónico: non so para entrega de traballos, senón como medio para informar ó alumnado e as familias- Grupo de Whatsapp: mediante o cal se graban vídeos explicativos e se envían imaxes. Tamén se consultan dúbidas sobre distintas cuestións

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<ul style="list-style-type: none">- Mediante a páxina web do centro- A través das redes sociais- Por correo electrónico- Vía telefónica- Por grupo de whatsapp
Publicidade	<ul style="list-style-type: none">- Páxina web do centro- Redes sociais

